



(F_TPS_50)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
14/07/2009	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	160	14/07/2009
07/11/2011	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2011
27/07/2012	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	179	04/08/2012
17/12/2015	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	294	23/12/2015

SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaríanse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ informatica@concellodemonforte.com 🌐 www.monfortedelemos.es 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

INDICE

ARTIGO -1- FUNDAMENTO E OBXECTO	3
ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE	3
ARTIGO -3- BENEFICIOS FISCAIS	3
ARTIGO -4- OBRIGADOS TRIBUTARIOS	3
ARTIGO -5- BASE IMPOÑIBLE	3
ARTIGO -6- TARIFAS	4
ARTIGO -7- DEVEÑO	4
ARTIGO -8- NORMAS DE XESTIÓN	4
ARTIGO -9- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS	4
DISPOSICIÓN FINAL	4



ARTIGO -1- FUNDAMENTO E OBXECTO

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Monforte de Lemos establece a Taxa por prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais, a que se refire o artigo 20. 4.o) do propio Real Decreto Legislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do ditado Real Decreto Legislativo.

ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación de servizos e a utilización das instalacións deportivas municipais, sempre que no se trate de:

- As actividades deportivas organizadas polo Concello de Monforte de Lemos, ben directamente ou ben a través de outras entidades ás que se lle conceda o patrocinio municipal.
- As actividades deportivas organizadas polos equipos de base que pertencen a algunha entidade deportiva inscrita no rexistro municipal de asociacións.

Enténdese por equipos de base as categorías prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil.

- As actividades deportivas organizadas polos equipos e participantes nas modalidades do deporte escolar.

Inclúndose as seguintes utilizacións:

- a) Pavillón Polideportivo Municipal de A Pinguela
- b) Campo Municipal de Fútbol Luís Bodegas
- c) Campo Municipal de Fútbol de A Pinguela
- d) Campo Municipal de Fútbol de As Lamas

ARTIGO -3- BENEFICIOS FISCAIS

Se aplicarán os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO -4- OBRIGADOS TRIBUTARIOS

1. É obrigado tributario, en concepto de contribuínte, a persoa física ou xurídica e as entidades á que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten a utilización das instalacións ou a prestación dos servizos suxeitos e quenes as utilicen aínda sen ter obtido a preceptiva autorización.
2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO -5- BASE IMPOÑIBLE

A determinación da contía a pagar se realizará mediante o sistema de cota fixa segundo as tarifas recollidas no artigo seguinte.

ARTIGO -6- TARIFAS

PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE A PINGUELA:

Instalacións	Concepto	Prezos	
		Hora	Partido
PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE A PINGUELA	Adestramentos federados ou uso libre	12,36 €	
	Adestramentos federados ou uso libre, cancha compartida	6,18 €	
	Partido competición		24,72 €
CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL LUÍS BODEGAS	Campo fútbol 7	Adestramentos federados ou uso libre	15,45 €
		Hora competición federada	15,45 €
	Campo fútbol 11	Adestramentos federados ou uso libre	30,90 €
		Hora competición federada	
CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE A PINGUELA	Campo fútbol 7	Adestramentos federados ou uso libre	15,45 €
		Hora competición federada	15,45 €
	Campo fútbol 11	Adestramentos federados ou uso libre	30,90 €
		Hora competición federada	
CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE AS LAMAS	Campo fútbol 7	Adestramentos federados ou uso libre	10,00 €
		Hora competición federada	10,00 €
	Campo fútbol 11	Adestramentos federados ou uso libre	20,00 €
		Hora competición federada	

ARTIGO -7- DEVEÑO

Se deveña a Taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se accede á solicitude de reserva do uso das instalacións as que se refire a presente ordenanza.

ARTIGO -8- NORMAS DE XESTIÓN

A xestión e recadación da Taxa se encomenda aos Servizos Municipais de Deportes facultando ao persoal que se designe para o cobro aos usuarios das instalacións, naqueles casos en que a utilización sexa de carácter esporádico.

Unha vez autorizada a utilización da instalación, no momento de proceder ao acceso o Servizo Municipal de Deportes estenderá as cartas de pago, boletos, tiquets ou documento que se estableza como xustificante de pago.

Nos casos en que o uso da instalación teña carácter periódico ou fixo durante a tempada emitiranse padróns de carácter trimestral sendo obrigatoria a domiciliación dos mesmos

ARTIGO -9- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS

Para a calificación das infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, se estará ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, que consta de nove artigos, foi aprobada provisionalmente polo Pleno en sesión celebrada o 2 de Xullo de 2009 entrando en vigor o 14 de xullo de 2009 o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia número 160 e será de aplicación permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 7 de novembro de 2011 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 297 do día 29 de decembro de 2011. Modificada provisionalmente polo Pleno do 27 de xullo de 2012 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 179 do día 4 de agosto de 2012.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 26 de outubro de 2015, e aprobada definitivamente polo Pleno de 17 de decembro de 2015 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 de 23 decembro de 2015.

Monforte de Lemos, febreiro de 2016



O Alcalde, José Tomé Roca